

## Instrucións para o persoal investigador do Campus Terra

No marco do Convenio de Colaboración entre a USC e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades polo que se regula o Campus de Especialización Campus Terra, procédese a publicar as instrucións para a filiación institucional do persoal investigador ao Campus Terra.

### **Introdución:**

O obxectivo de estas instrucións é:

- O uso correcto da filiación institucional do Campus Terra nos resultados de investigación.
- Facilitar o seguimento da produción científica do campus no proceso de revisión de acreditación do mesmo.
- Aumentar a visibilidade da marca e do Campus Terra que é un dos obxectivos que forman parte das liñas do Plan Estratégico 2022-2025.

Estas instrucións debe seguilas todo o persoal investigador do Campus Terra, tanto o PDI como o persoal en formación.

### **Instrucións:**

- **Publicacións:** Para calquera tipo de publicación (artigos de investigación, artigos de docencia ou outras publicacións) a filiación do Campus Terra debe aparecer reflectida na 3ª posición. Isto é:

**Nome e apelidos (obrigatorio)**

(A elixir: Grupo de Investigación / Departamento/ Área ou outros)

(A elixir: Facultade / Escola / Centro de Traballo)

Campus Terra, Universidade da Santiago de Compostela  
27002, Lugo, España

- A **denominación Campus Terra**, debe escribirse en galego de forma completa, sen siglas nin abreviaturas. No suposto de que fose necesario referenciar adicionalmente o Campus Terra en inglés, a forma utilizada será Terra Campus.
- **Proxectos e contratos de I+D+i:** nas solicitudes de proxectos de I+D+i a convocatorias da Xunta de Galicia, ao Plan estatal de I+D+i ou da Comunidade Europea, etc. debe facerse referencia á pertenza ao Campus Terra. Cando non sexa posible engadilo na filiación debe figurar nalgún punto da memoria a pertenza do investigador ao Campus Terra.

- Na **sinatura do correo electrónico e nas presentacións públicas** en congresos, feiras, xornadas, etc., haberá que incluír o logotipo actualizado do Campus Terra, que está dispoñible no Manual de uso da marca ou na páxina web do **Campus Terra**. A firma do correo electrónico redactarase da seguinte maneira:

Nome e Apelidos

Cargo



A eleixir: **Grupo de Investigación/Departamento/Área**

A eleixir: **Facultade/Escola/ Centro de Trballo**

Dirección

27002 – Lugo

Tlf:

Correo: [@usc.gal](mailto:@usc.gal)

Web:

A información contida nesta mensaxe e os arquivos que se xuntan é confidencial e privada e está destinada a ser lida só pola persoa á que vai dirixida. Se vostede non é o destinatario desta mensaxe ou recibiu esta comunicación por erro, por favor elimínea. A divulgación, distribución ou reprodución desta comunicación non está autorizada. La información contenida en este mensaje y los archivos adjuntos es confidencial y privada y está destinada a ser leída sólo por la persona a la que va dirigida. Si usted no es el destinatario de este mensaje o ha recibido esta comunicación por error, por favor elimínelo. La divulgación, distribución o reprodución de esta comunicación no está autorizada.



Non o Imprima se non é necesario. Protexamos o Medio

No lo Imprima si no es necesario. Protejamos el Medio